

Universidade de Vigo	FICHA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS
Ref.: FPRL 03-08 Páx. 1 de 1	TRANSPORTE DE PERSOAL E EQUIPOS EN TRABALLOS FORESTAIS

RISCOS	CAUSAS
• Envorcio	• Velocidade non apropiada para as condicións do terreo. Pendente excesiva
• Atropelo por máquinas	• Visibilidade reducida. Falta de coordinación entre os membros do equipo. Distraccións na condución
• Accidente de tráfico	• Incumprimento das normas de circulación. Mal estado das vías de acceso. Mal mantemento do vehículo
• Caídas a distinto nivel	• Descenso desapropiado dos vehículos de transporte
• Quedar atrapado por obxectos e entre eles	• Caída da carga ou do equipo transportado sobre os traballadores
• Exposicións ao ruído	• Mantemento de motores inadecuado. Maquinaria obsoleta. Escape libre
• Exposicións ás vibracións	• Sistema antivibracións inadecuado ou inexistente
• Incendio e/ou explosión	• Fumar ao encher o tanque. Estacionar o vehículo sobre pastos ou pólas. Mal mantemento da maquinaria




MEDIDAS PREVENTIVAS

- Realizar os mantementos preventivos do vehículo, especialmente do motor e dos pneumáticos.
- Respetar as normas de circulación e a necesidade de posuír carné de conducir apropiado para o vehículo que se está conducindo. Non consumir drogas nin alcohol. Utilizar os cintos de seguridade.
- Non exceder en ningún momento a carga máxima autorizada, un vehículo é menos estable canto máis se carga.
- Os vehículos deberán levar un emisor-receptor de radio ou un teléfono móbil.
- Para baixar dos vehículos non se debe saltar. Deberanse utilizar permanentemente tres puntos de apoio: os dous pés e unha man, ou un pé e as dúas mans en asas e estribos respectivamente.
- Se se transportan persoas e equipos no mesmo vehículo, debe dispoñerse de compartimentos á parte para a ferramenta, que irá perfectamente ancorada.
- Todos os ocupantes permanecerán sentados nos asentos e nunca se deben levar máis persoas das que, polo deseño do vehículo, se permita.
- Adoptar as medidas necesarias para lograr a máxima insonorización posible e a redución de vibracións.
- Non estacionar nunca sobre zonas de pasto ou pólas, debido ao risco de incendio e explosión por contacto coas zonas quentes do motor (tubos de escape, catalizadores etc.).

EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

PROTECCIÓN OBRIGATORIA
DOS PÉS



REALIZADO	MODIFICADO
Servizo de Prevención de Riscos Laborais Data: 07/10/2008  Asdo.: M. ^a Carmen Alvarez Gonzalez	 Data: 08-06-2013  Asdo.: M. ^o Jose Montero Vilar